

MONTE PINDO, PARQUE NATURAL!

Mario Maceiras*

É imposible arribar á Costa da Morte e non reparar, aló ao lonxe, naquel auténtico monumento da natureza que parece emerxer das profundidades do Océano Atlántico ata acariñar a barriga do mesmísimo ceo. A presenza avasalladora do Monte Pindo, unhas veces admirada e outras temida, obrou milagres e lendas nas vidas das humildes xentes do sur da Costa da Morte desde a noite dos tempos. Mais apenas estamos comezando a poñer os primeiros chanzos para coñecer todo iso que a borraxeira (tamén administrativa) se empeña en nos agochar.

QUE É O MONTE PINDO?

O Monte Pindo é un inmenso macizo granítico situado no norte do concello de Carnota, que emerxe desde a liña da costa ata os 627 metros de altitude na súa Laxa da Moa, en total dúas mil hectáreas nas que se combinan chairas, unha ducia de picos escarpados e a historia viva da Galiza costeira. Linda polo norte co Coadoiro do río Xallas, fenómeno natural único en Europa onde un río desauga en fervenza sobre as augas do Océano Atlántico. Ao sur ve nacer a praia de Carnota, cos seus 7 quilómetros que a converten na máis longa de Galiza. Ao leste, Dumbria e Mazaricos. Ao oeste, ve deitar xunta o Cabo Fisterra as postas de sol máis exquisitas imaxinábeis. Ladeira abaixo, e de norte a sur, atópase rodeada polos núcleos do Ézaro, O Pindo, Quilmas, A Curra, Panchés, Caldebarcos, e San Cibrán.

OLIMPO DE PEDRA

Desde o punto de vista xeolóxico o Monte Pindo é sobresaínte, malia que aínda estamos empezando a estudalo, fundamentalmente grazas ao traballo de Xoán Ramón Vidal Romani, Catedrático e Director do Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal. Case todo o que sabemos sobre a conformación do Monte Pindo débémollo a este home.

Hai 350 millóns de anos, 26 quilómetros debaixo da codia terrestre, unha inmensa mole de magma consolidouse en forma de granito, quedando finalmente á intemperie pola erosión da codia. Así nacía o Monte Pindo e a pro-

Pepe da Cañada



O Xigante da Mina.

pia Galiza. Desde aquela, e contra o que se pensaba, a erosión contribuíu pouco ao seu aspecto, conservando a forma orixinal exceptuando nos vales fluviais, pías e cacholas... Por iso podemos observar hoxe formacións xeolóxicas únicas de diferenciación gravitatoria, segregacións magmáticas, diatremas, debullado ou exfoliación... Así mesmo, o Monte Pindo conta cunha impresionante xeoloxía subterránea conformada por multitude de covas graníticas nas que se vén de descubrir unha descoñecida vida microscópica composta por bacterias, algas, fungos, amebas, testáceas, ácaros e poliquetos... algunhas delas tan únicas no mundo que mesmo suscitaron o interese da NASA.

Tamén a morfoloxía das pedras supoñen un dos maiores atractivos, pois as formas de humanos, animais... aparecen en cada recuncho con pouco que se deixe voar a imaxinación.

OLIMPO DE VIDA

A súa biodiversidade viuse moi mermada durante o século XX pola acción dos incendios, o abandono e as políticas forestais franquistas, que erradicaron unha especie de cabra autóctona descrita en 1927, provocaron a desaparición de aves coma a aguia ou o voitre (aínda vivos na toponimia), e substituíron a cuberta vexetal por especies alleas coma o piñeiro de Monterrei. Malia esa desfeita, segue a ser un verxel, con 5 hábitats de interese comunitario e algunhas especies únicas.

En canto á flora, danse cita 2 especies en perigo de extinción, *Eryngium duriaei subsp juresianum* e *Iris Boissieri* e 5 consideradas vulnerábeis, *Linkagrostis juressi*, *Hymenophyllum tunbringense*, *Dryopteris guanchica*, *Ranunculus bupleuroides*, *Sphagnum pylaesii*, e a "xoia da coroa": *Quercus lusitanica*, ou carballo anano. Esta especie en Galiza é exclusiva do Monte Pindo. Tamén conta con outro endemismo da Costa da Morte, *Centaurea corcubionensis*, que se non chega a considerarse vulnerábel é pola súa abundancia neste lugar.

En canto á fauna, danse no Pindo 4 especies consideradas vulnerábeis no Catálogo Galego de Especies Ameazadas: *Geomalacus maculosus*, *Cerambyx cerdo*, *Chioglossa lusitanica* e Rana ibérica. Así mesmo, o Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres protexe outras 9 especies presentes no Monte Pindo: *Podarcis hispanica*, *Rhinechis scalaris*, *Iberolacerta monticola*, *Milvus migrans*, *Falco tinnunculus*, *Falco peregrinus*, *Felis silvestris*, *Canis lupus* e *Timon lepidus*, o coñecido lagarto arnal.

OLIMPO DA MEMORIA

A presenza humana no Monte Pindo é materia de estudo. Veñen de atoparse restos cerámicos que evidencian que hai 6.000 anos as primeiras comunidades humanas que se asentaron no noroeste peninsular buscaron refuxio neste lugar.

Mais o realmente intrigante comeza coa propia Historia, cando a documentación medieval refire cando menos dous castelos moi cobizados neste monte, o de San Xurxo e o de Penafiel.

O primeiro levantouse no século X por orde do bispo de Iria Flavia para protexer a costa das invasións marítimas. Foi morada de Rodrigo Pérez de Traba, alférez de Afonso VII, rei de Galiza. E despois de tres séculos de gloria rematou sendo gorida de bandoleiros, o que motivou que o arcebispo Xelmírez excomungase o lugar. A lenda de que a Raíña Lupa rematou os seus días soterrada con 7 millóns de ouro á cabeza e outro tanto nos pés atraeu o interese de buscatesouros, que o desfixeron totalmente. O segundo castelo, de cuxa construción pouco ou nada se sabe, foi do churruchao Alonso Gómez de Deza. Rematou destruído na Revolta Irmandiña de 1467.

Existen outros restos que aínda agardan a ser descubertos. A chamada Capela do Campo de Cortes é un derrube de cantería granítica onde apareceron 7 fragmentos de columna de bóveda e unha cruz bizantina. Hai pouco localizamos a que pode ser a data fundacional da ermida. O máis desconcertante é que non existe na documentación ningún signo da súa existencia, nome, advocación... nada.

Outro caso sorprendente. Se ben se sabía de anacos de muro diseminados polo monte, agora sabemos que 10 hectáreas do Monte Pindo estiveron fortificadas, aproveitando as penas naturais como barreira e pechando os seus pasos con murallas ciclópeas. Isto, xunto cos indicios de refortificación apresurada dos castros próximos, fai a Manuel Gago soste que estamos ante un *castella tutiora*, os lugares máis seguros descritos por Idacio no século V onde se refuxiaban os suevos en caso de ameaza.

Tamén achamos lapislázuli que nesa época só puido ser importada de Afganistán, a mina de lazurita máis próxima, o que o relacionaría cunha ruta comercial internacional ou coas primitivas peregrinacións ao veciño Cabo Fisterra.

Os múltiples mitos e as lendas adscritas ao fogar das deidades galegas atraeron o interese do Padre Sarmiento, Manuel Murguía, Otero Pedraio, Vicente Risco e moitos outros pais da nosa cultura que quixeron que o Olimpo Celta estivese presente nas súas obras. Menos mítica foi a presenza de ata 3.000 veci-

Pepe da Cañada



Tres veciñas na Laxe da Moa.

Pepe da Cañada



Quercus lusitanica, carballo añón.

Pepe da Cañada



Panorámica do Monte Pindo.

ños agochados nas covas da represión nos primeiros meses do alzamento franquista.

AS AMEAZAS

Ademais do risco dos incendios e o abandono, hoxe en día as ameazas multiplícanse á vez que medran as visitas: campismo agresivo, espolio arqueolóxico, incursións en vehículos motorizados... pero máis incitante é a práctica de vandalizar as pedras con todo tipo de inscricións en pintura ou mesmo gravadas; os casos cóntanse por centos e a súa limpeza vai supoñer moito traballo e cartos.

As ameazas debidas á destrución máis coidadosamente planificada do noso medio natural, son a presenza dunha canteira, os proxectos para a

ampliación de 3 centrais eólicas sitas nas proximidades e da piscifactoría de Quilmas, ou de novas 3 minicentrales no río Xallas, a arteria de vida deste monte tan sobreexplotada.

COMPROMISO REAL: PARQUE NATURAL

Ante a ineficiencia das figuras de LIC e Rede Natura, é hora de que a administración adopte un compromiso real co Monte Pindo declarándoo Parque Natural. Esta figura leva aparelado, por lei, un compromiso en investimentos para protexer o medio natural. Pode axudar a reflotar o xeito de vida das deprimidas poboacións do seu contorno en base ao desenvolvemento e aproveitamento sustentábel da natureza. Pode e debe implicar a veciños e axentes sociais no seu coidado. É neste senso onde xa conseguimos o máis importante: o respaldo masivo de dúcias de asociacións culturais, veciñais, turísticas e empresariais, ecoloxistas, científicas, deportivas... ao igual que milleiros de persoas a título individual. A propia Consellaría de Medio Ambiente, reticente nun principio, viuse na obriga de rectificar e admitir que se trataría do primeiro parque natural galego que parte co apoio e non coa oposición dos directamente afectados. Hoxe podemos dicir que estamos a un paso de conseguilo, só falta un impulso final.

O primeiro Parque Natural da Costa da Morte suporá, antes que despois, un novo amencer para o Monte Pindo e tamén para os que amamos a natureza e queremos vivir dignamente baixo da influencia deste indescribible macizo granítico testemuña do seu ilustre pasado, o seu preocupante presente, e o seu ilusionante futuro.

* Mario Maceiras é Secretario da Asociación Monte Pindo Parque Natural.